



O CONCELLO DE NIGRÁN ABRE O PRAZO DE INSCRICIÓN PARA O CURSO DE APLICADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS

Os interesados teñen dende o mércores 10 ata o venres 12 de febreiro para anotarse na formación

A actividade, homologada pola Xunta, consta de 60 prazas e comezará o 7 de marzo no Centro Antena de Panxón

Nigrán, 08/02/16.- O Concello de Nigrán abre o prazo de inscrición para o curso de aplicador de produtos fitosanitarios dende este mércores ata o venres 12 de febreiro (data incluída). “Esta formación era unha das peticións que as entidades veciñais nos transmitían nas distintas reunións que tivemos con elas”, comenta o alcalde de Nigrán, Juan González, e engade: “A nosa pretensión é volver a organizalo nun futuro”.

Esta demanda responde a que dende o pasado mes de novembro é obrigatorio dispoñer dun carné de manipulador de produtos fitosanitarios para poder usar insecticidas, sulfatos e herbicidas.

A acción formativa, homologada pola Xunta de Galicia, comezará o 7 de marzo e terá lugar no Centro Antena de Panxón. O número de prazas dispoñibles ascende a 60, polo que se levarán a cabo dous turnos de 30 persoas cada un.

O grupo de mañá empezará o luns 7 de marzo e concluirá o luns 14, de 10.00 a 14.00 horas. O martes 15 realizarase o exame. As persoas do turno de tarde terán a formación os días 7, 9, 10, 11, 14 e 16, de 16.00 a 20.00 horas, e examinaranse o xoves 17 de marzo.

O Concello de Nigrán subvenciona parte do custo da formación, cuxo prezo ascende a 40 euros, no que se inclúe o material necesario para a realización do mesmo. Ademais, deberanse aboar as taxas de dereito a exame (8,83 euros).



Concello de Nigrán

NOTA DE PRENSA

“A vantaxe deste curso é que a proba final se fará na mesma aula na que se imparte, de modo que os alumnos non terán que desprazarse a outras localidades para obter o carné de fitosanitarios”, sinala o rexedor.

Para inscribirse na formación é preciso acudir ao segundo andar do Concello de Denigrarán, en horario de 10.30 a 13.30 horas nas datas sinaladas. Terán preferencia aquelas persoas empadroadas no municipio.